



ASISTENTES C.I.

C.I.G.

Federico Fernández Fernández
Cándido Pérez Betanzos
Antón García Fernández

CC.OO.

Victoria Alonso Crespo
Carmen Serra Rodríguez
Aser Fernández Rey
Manuel Velasco Graña
Marcos Estévez Orge (DS)*

U.G.T.

Juan José Fernández
José Andrés Zapirain (DS)

DELEGAN VOTO

M^a Jesús Losada Rodríguez
Rodrigo Alberte Pivida

AUSENTES C.I.

Carlos Mollinedo Lois

ASISTENTES CC.EE.

Reunidos nos locais sindicais do Edificio Fundación o día 1 de abril de 2004, ás 10:30 horas en primeira convocatoria e ás 11:00 en segunda, coa seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Informe do Presidente.
3. Informe dos representantes do Comité Intercentros nas distintas Comisións.
4. Propostas da UGT.
5. Toma de decisións sobre as convocatorias pendentes de oposición.
6. Negociación coa Xerencia. Propostas e acordos, se procede.
7. Rogos e Preguntas.

1. Ao enviar con antelación a acta da sesión anterior a tódolos/as presentes non se lle da lectura, e tras aceptar as correccións propostas por UGT e CIG apróbase por unanimidade.

O Presidente comunica as delegacións de voto existentes que nesta sesión corresponden as de Alberte Pivida e Chus Losada que delegan a favor de Cándido Pérez. Aser, a viva voz, informa que as 12:00 terá que abandonar, por causas de forza maior, a sesión e que nese momento delegará o seu voto en Manuel Velasco.

Antes de que o Presidente emita o seu informe, Manuel Velasco solicita a palabra para comunicar que acaba de chamar á Dirección Xeral de Formación e Colocación coa intención de saber se a Universidade de Vigo solicitara a subvención para volver a ter orientadores/as laborais na OFOE. A comunicante coa que falou lle manifestou que a Universidade como tal non solicitara esta axuda mais si outra entidade chamada "Fundación Universidade de Vigo". Ante as consecuencias que pode ter, non só para a OFOE, senón tamén para o futuro do persoal que representamos esta fundación, solicita unha reunión extraordinaria do CI para falar expresamente deste asunto. Unha vez discutida esta posibilidade, por unanimidade, acórdase que dita reunión terá lugar o vindeiro 13 de abril.

Tras esta intervención J. Andrés Zapirain pide a palabra porque quere comunicar que intentou falar co xerente sobre os temas que se tratan no punto 4 da orde do día sen conseguilo.

2. Informe do Presidente.

- Escrito encabezado por Xosé Manuel Pernas no que o persoal laboral en quenda de tarde do Campus de Ourense solicita cursos de formación en igualdade de condicións que o persoal de mañá.
- Que na instancia de solicitude do intercambio de vacacións existe un apartado para sinalar, no caso de que se solicite con acompañante, se este traballa tamén na universidade. Os coordinadores do programa na Universidade de Vigo



sinalan que, a hora de intentar compatibilizar as quendas, pode darse discriminación entre aqueles que teñen unha relación de parella recoñecida e os que non a teñen ou simplemente manteñen vínculos de amizade. Da mensaxe recibida no enderezo electrónico de intercentros preguntando se a praza de T. E. de microscopía estaba vacante e da contestación que se deu a este compañeiro na que lle informaba ao compañeiro que efectivamente esa praza está vacante.

Tras o informe J. Andrés Zapirain pide intervir para aclarar unha cuestión que ten que ver co intercambio de vacacións: lembra que o ET recolle que as vacacións se fixan con dous meses de antelación e como no intercambio solicítanse, as veces, distintos destinos en datas distintas, pódese dar a situación de que alguén no poida participar no intercambio por non coincidirle a quenda de vacacións.

Cándido Pérez, da lectura o artigo 39 do Convenio Colectivo e subliña o apartado no que se di que: *No caso de desacordo entre os traballadores afectados as quendas de vacacións serán rotativas, tendo preferencia na primeira ocasión o traballador/a máis antigo.*

Manuel Velasco apunta a que hai traballadores e traballadoras que poden ter compromisos de vacacións fora da oferta do intercambio e que teñen os mesmos dereitos que aqueles outros que optan polas residencias universitarias.

3. Informe dos representantes do Comité Intercentros nas distintas Comisións.

Aínda que no período non houbo ningunha reunión, Victoria Alonso pide intervir para dicir que xa saíu a lista definitiva de peticionarios da axuda da acción social sen que fora definitivamente aprobada na última reunión da Comisión que xestiona este fondos. Federico Fernández, como representante tamén do CI nesta Comisión subscribe o dito por Victoria.

J. Andrés Zapirain, aproveita o momento para pedir que se lle recorde a Xerencia ten que convocar aos delegados sindicais.

4. Propostas da UGT.

Tódolos delegados/as presentes na reunión tiñamos copia de ámbalas dúas demandas pasamos a discutir a primeira, demanda de conflito colectivo contra a Universidade de Vigo para que se lle recoñeza ao persoal laboral contratado o dereito a percibir o complemento de antigüidade en igualdade de condicións que o persoal fixo. O CI pronúnciase unánimemente a favor desta acción xudicial, non obstante, Antón García prégallo ao delegado sindical de UGT que, aínda recoñecendo que o seu sindicato foi o promotor da proposta, tras o acordo unánime, non se utilice en beneficio dos seus propios intereses sindicais.

J. Andrés Zapirain responde que a UGT non ten interese en recoller as medallas só quere que os traballadores cobren.

A segunda demanda é a de Tutela de Dereitos Fundamentais e apoio de conductas antisindicais que se basea en que a Xerencia ignora ao CI



en materias propias de negociación colectiva e promove actuacións propias e unilaterais que atentan contra o dereito dos traballadores e dos seu representantes. Iníciase a discusión tras a solicitude de apoio feita polo delegado da UGT.

Manuel Velasco intervéen para manifestar que é obvio que asistimos a un deterioro dos dereitos sindicais conseguidos ao longo dos últimos anos e estamos a pasar unha fase de ausencia de Xerencia e que o xerente en vez de asumir as súas responsabilidades delega estas nos sindicatos aos que considera un servicio máis que teñen que corroborar as súas propostas. Cuestiona a capacidade do xerente para negociar moitos asuntos e mostrase moi crítico co acoso ao que se está a someter ao delegado da UGT lembrado que aínda que en moitas ocasións foi crítico con as accións emprendidas por J. Andrés Zapirain actualmente valora positivamente o traballo que esta a desenvolver no conxunto do CI. Láíase tamén de que tendo tantos asuntos que resolver a xerencia perda o tempo en vulnerar os dereitos dos sindicalistas. Remata afirmando, a título persoal, o seu apoio con matices á demanda.

Antón García asegura que é normal que aos acordos se chegue con disputas e que non lle resulta doado valorar as actuacións da xerencia. Sigue afirmando que temos que ser prudentes e propón que en vez de xudicializar todo o mellor é mobilizarse. Por último manifesta o seu temor a ir contra alguén a través de persoa interposta asegurando que nesta demanda non só hai intereses sindicais.

Cándido Pérez apoia a maior parte do dito por Antón afirmando que as conquistas sindicais non se gañan no xulgado propoñendo, por contra, un plan de accións reivindicativas concretas que negociariamos a xeito de ultimato.

Manuel Velasco intervéen de novo reiterando que temos que apuntar alto pois, segundo el, todo isto está a pasar por non ter unha xerencia estruturada e capaz mantendo que non vai a instar de novo ao CI a pedir o cese do xerente.

Victoria Alonso fai unha breve intervención para asegurar que ela tampouco está de acordo con xudicializar a nosa vida laboral.

J. Andrés Zapirain asevera que para levar a cabo unha acción como esta o mellor é un acordo unánime e por esta razón propón unha postura intermedia (que para eso fixo unha hora de agarda esa mañá diante do despacho do xerente nun último intento de que este aceptara negociar o que está a esixir) que consistiría en que o CI se dera tempo para intentar acadar o consenso. Tamén por alusións, lle contesta a Antón García que detrás desta demanda non hai outros interese que os estritamente sindicais.

Cándido Pérez, declara que non é cuestión de dar máis tempo ratificándose de novo en levar a cabo accións concretas.

Antón García responde que acepta que o delegado da UGT non ten outras intencións pero a FETE-UGT é máis ampla e dentro dela hai outras persoas con outros intereses. Menciona, para acabar, que lle costa crer que sexa certo que haxa represión antisindical e que se violen dereitos fundamentais na Universidade de Vigo pois dos feitos que se describen na demanda non se pode, segundo el, deducir tal cousa.

Manuel Velasco fai unha última intervención neste punto para expoñer que a súa Sección Sindical si necesita tempo para decidir sobre



este asunto pois por motivos de axenda e tempo non o puideron facer antes da celebración do Pleno.

O delegado da UGT resume o tratado dicindo que a CIG está en contra e CC OO queda pendente de manifestar a súa postura. O non ser posible levar a demanda polo CI propón entón facelo a través das Seccións Sindicais.

5. Toma de decisións sobre as convocatorias de oposicións pendentes de aposición.

A Delegación do CI segue a traballar nas distintas convocatorias. Sinálase que é importante que este traballo se resolva o antes posible.

6. Negociación coa Xerencia. Propostas e acordos, se procede.
Na última reunión que a Comisión do CI mantivo co xerente se lle entregou unha contraposta que a Xerencia dixo que ía estudar.

7. Rogos e Preguntas.
Non hai.

Acordos:

- Apoiar demanda de conflito colectivo contra a Universidade de Vigo para que se lle recoñeza ao persoal laboral contratado o dereito a percibir o complemento de antigüidade en igualdade de condicións que o persoal fixo.

Fdo: Manuel Velasco Graña
(Secretario)

VºBº: Cándido Pérez Betanzos
(Presidente)